



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de setembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de agosto de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL EN ZONAS DE OROGRAFÍA COMPLEXA (ZONAS 5, 6 E 7). 2025-2027.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 11/07/2025, con CSV: IV7TQHXLNU76IX7I45QCEEHUEI 1, relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial en zonas de orografía complexa (zona 5, 6 e 7). 2025- 2027. Expte GTM: 2025/CON_02/000077 e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/08/2025, con CSV: IV7T6XZIHJB3RLGTUIGEIP7AMQ na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…) Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1.- Declarar deserto o lote 2 (zona 6) do procedemento de contratación da execución de diversas operacións de conservación e mantemento da vialidade na Rede viaria provincial nas zonas de orografía complexas (zonas 5- 6- 7). 2025-2027, por non se ter presentado ningunha oferta.(…)”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7TY2K7NA5YIRBLUAPTCMYQGM, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TYMPKHE6YTT402NGFOH3BL4, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación para o Lote 2 (zona 6), negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	2/103





1º.- Declarar deserta o lote 2 (zona 6) do procedemento de contratación da execución de diversas operacións de conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial nas zonas de orografía complexas (zonas 5-6-7). 2025-2027, por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade 2025/CON_02/000096, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase únicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís - Construcciones Carballeira SL, OVISA Pavimentos e Obras SLU e Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada SL, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 ata as 23.59h do día 15/09/2025. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN, POSTA EN VALOR E MANTEMENTO DOS HORTOS

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	3/103



URBANOS DO PASEO DO RÍO RATO (LUGO), PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TZXXOF4G3V5EDQUAROLSV4E, no que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

1.- Con data de 26 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, aprobou o procedemento de adxudicación e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas (PPT) para a contratación do Servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo, con nº de expediente 2023/CON_02/000037.

2.- O día 8 de setembro de 2023, a Xunta de Goberno, aprobou a adxudicación da contratación do Servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo, sendo a adxudicataria a empresa Coregal Parques e Xardíns S.L. por un total de 2 anos, prorrogables por dúas anualidades adicionais (2+1+1), sendo o importe da adxudicación de 220.740,96 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, (46.355,60 €), o que fai un total de 267.096,56€

3.- Con data 13 de outubro de 2023, formalizouse o correspondente contrato administrativo, no que se indica que “A duración deste contrato é de dous anos (dende o día 16 de outubro de 2023, ata o día 15 de outubro de 2025, ambos incluídos), con posibilidade de dúas prórrogas”

4.- O día 1 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno, aprobou o Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar na xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no parque de Paxariños no Concello de Lugo. Anos 2025, 2026 e 2027.

6.- Informe do responsable do contrato e Xefe do Servizo de Medio Ambiente, de data 1 de setembro de 2025, con CSV: IV7TYOH5JJ7TURF3C5GHCAPAIY, sobre estudo de custes do servizo solicitado, non viabilidade dun cambio de contratista e explicación da causa imprevista que xustifica a modificación contractual.

7.- Existe informe de intervención, de existencia de consignación orzamentaria do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar na xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no Parque de Paxariños no Concello de Lugo. Anos 2025, 2026 e 2027.

Normativa aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	4/103





Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Real Decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada (RSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xuridicas.

Primeira.- É de aplicación a esta modificación o artigo 205 da LCSP (Modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales).

A causa imprevista que xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á tramitación da modificación non prevista por prestacións adicionais, consta no informe do Responsable do contrato.

“(…) Tendo en conta os antecedentes e a vista da aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar na xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no parque de Paxariños no Concello de Lugo. Anos 2025, 2026 e 2027 (en adiante Convenio), considerase preciso a modificación do contrato administrativo do Servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo [2023/CON_02/000037], a efectos de incluír, dentro das prestacións obxecto deste, as necesidades e obrigas derivadas da aprobación e posterior execución dos acordos establecidos no convenio aprobado.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	5/103



En base ao Convenio aprobado, entre as obrigas que este recolle para a Deputación de Lugo, están as de xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no Parque de Paxariños (32 hortos urbanos de 30 m²) no Concello de Lugo durante os seguintes 2 anos, para o cal é necesario indispensable contar con un servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos, con características similares ao que xa se conta nos hortos propiedade da Deputación de Lugo, no Parque do Rato.

Para o anterior deberanse incluír no contrato a prestación dos seguintes servizos nos hortos de Paxariños coas mesmas características e condicións que as establecidas no apartado 2 do PPTP do contrato actual 2023/CON_02/000037.

1. Asesoramento e atención aos usuarios dos hortos.

2. Dinamización e promoción dos hortos urbanos.

A plataforma dixital e consello de hortos poderá ser conxunta para ambos espazos (hortos do Rato e hortos de Paxariños), a efectos de optimizar os métodos de traballo e evitar duplicidades.

3. Formación e capacitación en actividades hortícolas.

Poderanse integrar aos usuarios dos hortos de Paxariños dentro dos programas de formación actualmente implantados, asegurando a súa preferencia sobre outras persoas non usuarias de hortos e a existencia de prazas suficientes.

4. Programa de seguimento, comunicación e avaliación.

Para o programas dos hortos de Paxariños, dacordo co establecido no Convenio, deberanse integrar en todo o material de comunicación e seguimento (e no seu caso difusión) o logotipo do Concello de Lugo e da Deputación de Lugo, a efectos da difusión da cooperación entre ambas entidades.

Ademais para a correcta execución dos traballos incluídos na modificación proposta do contrato, deberase adscribir, adicionalmente aos incluídos no punto 5.1 do PPTP, os seguintes medios humanos:

1 xardineiro ao 50% da xornada anual de traballo.

(...)."

Posto que en 2023, momento de tramitación e adxudicación do contrato que se pretende modificar, non existía a necesidade nin a previsión da celebración dun convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a Xestión por parte da Deputación dos hortos do Parque de Paxariños, e a celebración do convenio deriva dunha solicitude realizada por parte do Concello de Lugo, de data 30/07/2025, con rexistro de entrada 2025RPE012336, considerase xustificada que a necesidade da modificación do contrato deriva de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato (2023) xa que o convenio que motiva a modificación do mesmo, foi aprobado a iniciativa doutra administración (Concello de Lugo), no presente ano 2025 e con posterioridade a aprobación a adxudicación do contrato, que foron realizadas en maio e setembro de 2023, respectivamente.

Segunda.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece no seu artigo 203:

"Artigo 203. Potestade de modificación do contrato.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	6/103





1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta lei respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos subscritos polos órganos de contratación só se poderán modificar durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se prevé no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.”

Así, o contrato 2023/CON_02/000037 adxudicado e actualmente en vigor ata o 15 de outubro de 2025 (con posibilidade de 2 prorrogas anuais adicionais), dacordo co establecido no seu PCAP, non tiña prevista a posibilidade de modificación. Danse en cambio as condicións establecidas no artigo 205 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Públicos, concretamente, neste caso cúmprense as condicións establecidas no apartado 205.2.b:

“Artigo 205. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:

(...)

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre que se cumpran as tres condicións seguintes:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	7/103	

1.º Que a necesidade da modificación derive de circunstancias derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, o 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.”

Terceira.- A non alteración do adxudicatario actual motívase nos beneficios dunha xestión conxunta de ambos espazos mediante un só contrato, xa que deste xeito se asegura a prestación igualitaria do servizo entre as persoas usuarias de ambos espazos públicos, evítanse duplicidades de persoal (coordinador único para ambos espazos), se optimizan recursos e medios xa dispoñibles ou xerados durante a prestación do actual servizo (guías técnicas, formularios, webs, material diverso...),e en definitiva unha mellor eficiencia na prestación conxunta dos servizos.

Cuarta.- Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do actual contrato , no informe emitido polo servizo de Medio Ambiente realizou un estudio de custes, partindo dos importes aprobados que figuran no expediente de contratación aprobado na Xunta de Goberno de data 26 de maio de 2023, resultando os seguintes importes totais:

“(…) En base as necesidades expresadas anteriormente, tendo en conta que se realizarán as mesmas prestacións que se viñan realizando nos 150 hortos urbanos do Rato, nos 32 hortos urbanos cos que conta o espazo de Paxariños, establececese cálculo do prezo unitario, en base aos prezos aprobados que figuran no expediente de contratación aprobado na Xunta de Goberno de data 26 de maio de 2023, incluíndo a baixa realizada pola empresa adxudicataria (-5%).

ESTUDIO DE CUSTES ANUAIS PARA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO 2023/CON_02/000037	Prezo Unitario *	Unidades	TOTAL
XESTIÓN E MANTEMENTO DE HORTOS URBANOS DE PAXARIÑOS (12 meses)	735,80 €/horto	32 Hortos	23.545,60 €
		TOTAL	23.545,60 €
		IVE	4.944,58 €
		Total custe	28.490,18 €

* Prezo unitario do custe de mantemento anual de cada horto obtido mediante división do custe anual da adxudicación do contrato do Servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos Hortos urbanos do Paseo do río Rato [2023/CON_02/000037] (110.370,48 €, IVE excluído) entre os 150 hortos que se xestionan mediante o mencionado contrato.

Considerase os prezos do contrato adecuados para o seu efectivo cumprimento e a estimación do mesmo é correcta é adecuada aos prezos do mercado e Convenios colectivos de aplicación.

(…)”

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	8/103





Tendo en conta que a duración deste contrato é de dous anos (dende o día 16 de outubro de 2023, ata o día 15 de outubro de 2025, ambos incluídos), con posibilidade de dúas prórrogas, a modificación do contrato sería polo período do 16 de setembro do 2025 ao 15 de outubro de 2025 (1 mes), sen perxuízo das posibles prórrogas que se aproben.

GASTO/ANUALIDADE	2025 (16 de setembro ao 15 de outubro) (1 mes)
1. XESTIÓN E MANTEMENTO ANUAL DE HORTOS URBANOS DE PAXARIÑOS	1.962,13
IVE	412,05 €
TOTAL	2.374,18 €

Polo tanto, esta modificación do contrato é inferior ao 50% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (220.740,96 euros), non habendo realizado outras modificacións do contrato previamente.

Quinta.- Consta no expediente a conformidade do contratista, en aplicación do artigo 206 da LCSP.

Sexta.- En canto as especialidades procedimentais, para este tipo de modificación, veñen recollidas no artigo 207.3 da LCSP, que se reproduce a continuación:

“Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley.

Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.

Neste caso estamos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada, polo que existe a obriga de publicar a modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	9/103



Sétima.- Non é de aplicación o artigo 191.3 (informe preceptivo do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma), xa que a contía da modificación non supera o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e o seu prezo non é igual ou superior a 6.000.000 de euros.

Oitava.- A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Novena.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Décima.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito, a modificación contractual do Servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo, con nº de expediente 2023/CON_02/000037, unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato para dar cumprimento ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	10/103





Concello de Lugo para cooperar na xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no parque de Paxariños no Concello de Lugo. Anos 2025, 2026 e 2027 ,cun aumento do prezo de adxudicación en 2.374,18 € , IVE incluído, para o período de 16.09.2025 ao 15.10.2025, sen prexuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar, e mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adxudicar este modificado á empresa Coregal Parques e Xardíns S.L., que prestou a súa conformidade ao mesmo segundo consta en documento incorporado ao expediente.

A duración deste contrato é de dous anos (dende o día 16 de outubro de 2023, ata o día 15 de outubro de 2025, ambos incluídos), con posibilidade de dúas prórrogas.

GASTO/ANUALIDADE	2025 (16 de setembro ao 15 de outubro) (1 mes)
1. XESTIÓN E MANTEMENTO ANUAL DE HORTOS URBANOS DE PAXARIÑOS	1.962,13
IVE	412,05 €
TOTAL	2.374,18 €

A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (98,11€), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifica ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Formalizar dita modificación en documento administrativo.

Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante e no Diario Oficial da Unión Europea no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP."

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato para dar cumprimento ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar na xestión e mantemento dos hortos urbanos existentes no parque de Paxariños no Concello de Lugo. Anos 2025, 2026 e 2027 ,cun

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	11/103



aumento do prezo de adxudicación en 2.374,18 € , IVE incluído, para o período de 16.09.2025 ao 15.10.2025, sen prexuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar, e mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

En todo caso, os efectos do acordo da modificación do contrato quedan condicionados á formalización do convenio.

2º.- Adxudicar este modificado á empresa Coregal Parques e Xardíns S.L., que prestou a súa conformidade ao mesmo segundo consta en documento incorporado ao expediente.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (98,11€), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo e con carácter posterior á formalización do convenio.

5º.- Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante e no Diario Oficial da Unión Europea no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta en relación coa contratación da obra: CHANTADA- CARBALLEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1801 “Chantada- Nogueira- Os Peares (LU-P-1010)”, P.K. 6+000 a 29+396.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 27/06/2025, con CSV: IV7TW33IF5PORDFKS3YBOVSXAU¹, relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra CHANTADA- CARBALLEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1801 “Chantada- Nogueira- Os Peares (LU-P-1010)”, P.K. 6+000 a 29+396 unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	12/103





Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 10/07/2025, con CSV: IV7TQXBZDIPTIXE54UN5A3QHGY na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Pola Presidencia, dáse conta das empresas que presentaron oferta á contratación da obra indicada, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 13/06/2025 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público, non existen licitadores presentados.

A vista do anterior, a mesa acordou declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación para o seu coñecemento e remitir ao Servizo de Vías e Obras o expediente aos efectos oportunos.”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7TY2LDZEFJJ6452BVCOAPENY, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TYOL63JPYZCUJYVORMJKRJ4, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP con CSV: IV7SGDKSJREIZ6ES4BYWBYX05Y e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra CHANTADA- CARBALLED0.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1801 “Chantada- Nogueira- Os Peares (LU-P-1010)”, P.K. 6+000 a 29+396 (2025/CON_02/000063), por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	13/103	

reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase unicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais vantaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís Fevisa Vías y Obras SL, Grupo Bascuas 2008 SL e Construcciones y Obras Taboada y Ramos SLU, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 de 5 días hábiles. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta en relación coa contratación da obra: PONTENOVA- TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6102 “Pontepedrido (N-640)- Vilaformán- Trabada (LU-P-6104)”, P.K. 0+000 a 4+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 20/06/2025, con CSV: IV7TULX4NEFKLFF02VFNORBD0I², relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra PONTENOVA- TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6102 “Pontepedrido (N-640)- Vilaformán- Trabada (LU-P-6104)”, P.K. 0+000 a 4+000 e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18/07/2025, con CSV: IV7TRSYPDPRPIZGB4WHQAKVRBCA na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	14/103





Pola Presidencia, dáse conta de que ningunha empresa presentou oferta á contratación da obra indicada, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 20/06/2025 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

A vista do anterior, a mesa acordou declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación para o seu coñecemento e remitir ao Servizo de Vías e Obras o expediente aos efectos oportunos.”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7TY2LZFJB3LFGSWR5UJZYXMA, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TYOL7BNRM3FMP2X7E4ICFIY, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP con CSV: IV7TUTSMFEUTLKECVRFM54XO44 e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra PONTENOVA- TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6102 “Pontepedrido (N-640)- Vilaformán- Trabada (LU-P-6104)”, P.K. 0+000 a 4+000 (Expte: 2025/CON_02/000070), por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase unicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais vantaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	15/103



negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís OVISA Pavimentos y Obras SLU, Grupo Bascuas 2008 SL, Cholo SL e Construcciones Isidro Otero SL, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 de 5 días hábiles. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta en relación coa contratación da obra: O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6401 "Suegos (LU-862)- Falcoeira (límite provincial), P.K. 0+607 a 3+240 e LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). Ramal a LU-P-6401", P.K. 17+126 a 19+299 e ramal P.K. 0+000 a 1+164.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 20/06/2025, con CSV: IV7TULX51F7KWWUDWVYTPYCFJ4³, relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6401 "Suegos (LU-862)- Falcoeira (límite provincial), P.K. 0+607 a 3+240 e LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). Ramal a LU-P-6401", P.K. 17+126 a 19+299 e ramal P.K. 0+000 a 1+164 e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18/07/2025, con CSV: IV7TRSXD2D5Z5CF6SFXHELGRHY na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"(...)

Pola Presidencia, dáse conta de que ningunha empresa presentou oferta á contratación da obra indicada, segundo anuncio publicado na plataforma de

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	16/103





Contratación do Sector Público o 23/05/2025 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

A vista do anterior, a mesa acordou declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación para o seu coñecemento e remitir ao Servizo de Vías e Obras o expediente aos efectos oportunos.”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7TY2L3LR5KZGXKU3YCAQCRMM, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TYOL73J6JSTONUINOTOF2FG4, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP con CSV: IV7TUTSNJJH5LS7S44YAAMTPY e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra O VICEDO.- Rehabilitación de firme LU-P-6401 “Suegos (LU-862)- Falcoeira (límite provincial), P.K. 0+607 a 3+240 e LU-P-6402 “Vicedo (LU-P-6404)- Cruz da Pardiñeira- Cristo de Portapena (LU-P-6406). Ramal a LU-P-6401”, P.K. 17+126 a 19+299 e ramal P.K. 0+000 a 1+164 (Expte: 2025/CON_02/000072), por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase unicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais vantaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	17/103



3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís Cholo SL, Carferlo SLU e Jose No Mantiñan e Hijos Construcciones SA, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 de 5 días hábiles. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/ SUBSTITUCIÓN DE INVERSIÓN DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda, solicitando modificación de proxectos de inversións incluídos no Plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda no que solicita a modificación de proxecto de inversións incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	18/103	



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	35	CONSOLIDACIÓN DE VIAIS CON AGLOMERADO EN VILAR (GUNTIN) E NA IGREXA E CEMITERIO DE RUBIÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	37.954,25 €	37.954,25€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Bóveda a través de escrito de data 29/08/2025 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, concretamente o investimento nº 35, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... razóns sobrevidas no proceso de planificación das actuacións...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	35	CONSOLIDACIÓN DE VIAIS CON AGLOMERADO EN VILAR (GUNTIN) SOUTO (TEILÁN) E NA IGREXA E CEMITERIO DE RUBIÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	37.954,25 €	37.954,25€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ ou motivos xustificados , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	19/103



concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2024, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Bóveda que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2024 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BÓVEDA	35	CONSOLIDACIÓN DE VIAIS CON AGLOMERADO EN VILAR (GUNTIN) SOUTO (TEILÁN) E NA IGREXA E CEMITERIO DE RUBIÁN, INCLuíDO HONORARIOS	0,00 €	37.954,25 €	37.954,25 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- INCOACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DE A PONTENOVA.- CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM). ADXUDICADO A ENTIDADE CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	20/103	



“Consta como antecedentes inmediatos, ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo os seguintes feitos e documentos:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 14/05/2021 aprobouse o proxecto, expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente a obra de A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM).

Segundo.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 15/10/2021 acordouse adxudicar a obra a Mercantil Construcciones Jesús Naray SL nos seguintes termos:

- a. Prezo de adxudicación: un millón novecientos setenta e sete mil cincocentos sesenta e nove euros (1.977.569,00 €) dos cales cento setenta e nove mil setecentos setenta e nove euros (179.779,00 €) corresponden ao IVE (10%).
- b. Redución do prazo de execución de 3 meses sobre o previsto no proxecto, e dicir executar as obras no prazo de 15 meses.
- c. Un incremento do plan de control de calidade por importe de 18.000,00 € (IVE incluído).
- d. Elaboración dun modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
- e. Mantemento do modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
- f. Sistema de seguimento a través de imaxes, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
- g. Cumprimento dos termos ofertados en relación coa cualificación, experiencia e dedicación a pe de obra do persoal a cargo do desenvolvemento da mesma recollida no PCAP.

Terceiro.- Con data 23/08/2022 formalizouse o contrato en documento administrativo.

Cuarto.- A acta de comprobación do reformulo foi asinada con data 15/09/2022.

Quinto.- Por Resolución da Presidencia de data 06/10/2023 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-04-2024, para dar cumprimento ás prestacións contractuais.

Sexto.- Por Resolución da Presidencia de data 12/04/2024 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-12-2024, para dar cumprimento ás prestacións contractuais.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	21/103	

Sétimo.- Por Resolución da Presidencia de data 18/12/2024 aprobouse autorización para redacción de modificación do proxecto da obra, así como ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-08/2025, para dar cumprimento ás prestacións contractuais, unicamente para a continuación das obras previstas no proxecto inicial. (Non se produciu a aprobación do dito modificado polo órgano de contratación).

Oitavo.- A empresa comunica a suspensión unilateral dos traballos nos seguintes ítems:

O día 14 de xullo a empresa contratista comunica a suspensión unilateral dos traballos debido a imposibilidade técnica e económica de continuar a execución ate a aprobación dun proxecto modificado.

O 31 de xullo de 2025, A Deputación Provincial de Lugo remite escrito, con referencia 2025RPS011158, a Construcciones Jesus Naray SL solicitando que se “indiquen as partidas que non estaban suficientemente definidas no proxecto aprobado, licitado e adxudicado” as que fan referencia xenérica no se escrito de 14 de xullo

O 5 de agosto de 2025, con referencia 2025RT013819, entrou na Deputación escrito asinado por María Josefa Rodriguez Paleo en nome de Construcciones Jesus Naray SL, que cualifican de “anexo ao enviado anteriormente con rexistro de entrada 2025RT012926 no que reiteran diversas consideracións do escrito enviado o 14 de xullo de 2025 e no que tamén solicitan unha ampliación de prazo para a execución da obra A PONTENOVA- Centro de Atencion a Maiores (CAM)-(EX016OB20AB), “mientras no se apruebe el proyecto modificado y se indique en el proyecto la duración del mismo, que será acorde con los trabajos a realizar”.

Noveno.- O servizo de arquitectura emitiu informe con CSV: IV7T6IKMCE402RE7AFUG6L7VEA no que conclúe: “Enténdese por tanto, que dado que se produce un incumprimento da obriga principal do contratista (executar a obra correctamente en prazo) que ademais constitúe un incumprimento dun compromiso da súa oferta (redución do prazo de execución en tres ofertando un prazo total de 15 meses) que era un criterio de adxudicación e tendo en conta que se entende que razoadamente a imposición de penalidades á vista da evolución da execución da obra non conseguiría o fin da súa imposición, a administración podería optar pola resolución do contrato.”

Vistos os antecedentes, xa de xeito preliminar se pon de manifesto tanto a frustración do contrato por causas imputables ó contratista, concorrendo claros indicios de incumprimento da súa oferta en aspectos que se identifican con obrigas esenciais, intimamente relacionadas coa execución.

A cláusula 22 do PCAP no seu apartado 2.2 recolle como condición especial con carácter de obriga esencial ós efectos do disposto como causa de resolución no apartado 211.1 f o cumprimento da oferta por parte do adxudicatario, o que ten especial relevancia na medida que ditos aspectos da oferta actúan como criterios selectivos, de xeito que a súa inobservancia ou a tolerancia na súa inobservancia desvirtuarían a finalidade da licitación e resultarían contaría ós principios da contratación pública previstos no artigo 1 da LCSP.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	22/103





Queda evidenciado que non se teñen satisfeito ditas obrigas quedando o cumprimento do prazo ofertado e ampliado comprometido polo baixo ritmo de obra executada e a reiterada inobservancia dos programas de traballo comprometidos.

Así mesmo, queda acreditada a ampla actividade administrativa no referido a comunicacións ó contratista, tendentes a acelerar o ritmo de execución así como a adopción de decisións de ampliación de prazo que abundan en interpretacións amplas e favorables ó contratista nun clima de moi baixa actividade construtiva, que demora de xeito claro e patente a posta en marcha dun equipamento relevante e sensible como e un centro de atención a persoas maiores e dependentes.

Compre sinalar que o contratista ten advertido a paralización unilateral das obras baixo o pretexto da eventual aprobación dun modificado, e que requirido para que sinale que partidas do proxecto adxudicado resultan insuficientemente definidas, non acredita a concorrencia da dita situación e senón, antes ó contrario, na liña de forzar a aprobación dun modificado que non se ten presentado formalmente cos requirimentos da norma, confundindo unha autorización para a súa redacción baixo estritos parámetros cunha especie de carta en branco para executar libremente a obra alterando o seu orzamento.

Recordemos que o borrador presentado en data de 2 de xullo de 2025, non resulta consensuado co resto de axentes do contrato e resulta cualificado polo Servizo de Arquitectura como incompleto, inxustificado, fora dos supostos permitidos na LCSP e extemporáneo o ter finalizado o prazo para a súa presentación o 18 de xuño de 2025 .

Compre sinalar que a autorización para redactar un eventual modificado indicaba “a continuación das obras que se produce toda vez que se amplía o prazo de execución, queda acotada a aquelas previstas no proxecto orixinal”. Polo tanto si o modificado non cumpría os requisitos establecidos na norma ou non se presentaba de xeito motivado o contratista debía concluír a execución do proxecto orixinal que non se amosa precisamente inexecutable.

Visto o anterior, segundo o informado polo Servizo de Arquitectura, esta administración pode considerar que o contratista non se atopa en disposición de cumprir as súas obrigas no prazo pactado, nin atender ós requirimentos e comunicacións que permitan executar a obra nun prazo concreto e determinado toda vez que se teñen superados tódolos prazos comprometidos sen que se poida reputar de posible cumprimento o último dos conferidos que remataría o 15 de agosto de 2025.

Resultan fundamentos xurídicos:

A lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	23/103



Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obrigacional incorporados ó expediente .

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas.

I.- Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado inacabado da obra.

Como inicio das consideracións do presente, compre recordar que a execución do contrato se ten caracterizado por unha marcada lentitude e un baixo ritmo de certificación sen que se teña rematado a pesar de ter conferido a administración ate dúas ampliacións de prazo, sen lugar a dúbidas o incumprimento dos prazos está a frustrar a finalidade do contrato cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente.

Como é coñecido, as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado , e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “lex contractus”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista e así mesmo das condicións previstas no proxecto o que ten ofertado sen reservas en plena liberdade para configurar a súa oferta.

Respecto da situación de execución da obra, dos datos obrantes no expediente dérívase unha lenta execución da mesma, considerando que se iniciou con data 15 de setembro de 2022 e que a data de emisión do presente, tras case 36 meses, se informa polos servizos técnicos, que todavía resta por executar o 30 % da obra.

De acordo co informado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, o contratista non ten procedido o cumprimento das obrigas que derivan da súa oferta en canto prazo de execución, o que supón o incumprimento de obrigas contractuais esenciais.

As consecuencias de dito retraso, e en especial o incumprimento de aspectos avaliáveis como criterios de puntuación ofertados voluntariamente polo adxudicatario incluído o prezo, recae na singular responsabilidade do contratista que a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas e para que incremente o ritmo da execución actualizando os programas de traballo que se amosan incoherentes coa obra executada por mor da retrasada marcha dos traballos.

En palabras do informe do Servizo de Arquitectura “Compre indicar que sucesiva acumulación de demoras e o escaso rendemento por falta de medios, foi sinalado en varias ocasións tanto pola dirección facultativa, a través do informes mensuais do estado da obra que acompaña a cada certificación, nos que se advertía que era preciso a incorporación de mais recursos, coma en varios correos electrónicos remitidos pola responsable do contrato dirixidos a todos os axentes intervinientes.”

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	24/103





A verificación do incumprimento dunha obriga esencial, configura esta como causa de resolución resultando deber desta administración, na tutela do interese xeral ó que serve o contrato, tramitar aquela que primeiro se tivera verificado no tempo , que neste caso é a identificada nos parágrafos precedentes todo isto sen prexuízo de que igualmente se produce un incumprimento da obriga principal pola frustración do obxecto contractual.

II.- Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego:

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan:

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais considerando que o prazo comprometido, redución de 3 meses sobre o total, e dicir executar a obra en 15 meses, forma parte da oferta formulada polo contratista.

A superación dos prazos comprometidos e daqueles conferidos nas prórrogas, pódese identificar como o incumprimento dunha obriga esencial a teor do disposto na cláusula 22.2.2 cando sinala que é obriga esencial “O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación, e dicir o cumprimento da súa oferta de acordo aos criterios, nos termos e coas especificacións establecidos no PCAP”.

Polo tanto o incumprimento do prazo, constitúe en si, e con carácter inicial, causa de resolución do contrato, todo isto sen prexuízo da avaliación das alegacións do contratista e demais interesados con pleno respecto ó principio de contradición, por canto poidan enervar a concorrencia de ditos incumprimentos.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	25/103



frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería os seguintes efectos a aplicar á entidade Construcciones Jesus Naray SL:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25 , art. 110 d, 213.3 da LCSP).
2. Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25, art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001.
3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP).

III.- Sobre o procedemento a seguir.

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 cabe o inicio de oficio de dito expediente baixo os seguintes requisitos :

- a. Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais
- b. Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.
- c. Informe do Servicio xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.
- d. Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

IV.- Sobre o órgano competente.

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño a Xunta de Goberno que adopte acordo nos seguintes termos:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	26/103





1º.- Desestimar a solicitude de ampliación de prazo por resultar improcedente a teor do informado, téndose superado de xeito palmario a data de finalización dos traballos.

2º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pontenova adxudicado á entidade construcciones Jesús Naray SL polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro da documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego configura como causa de resolución contractual e que frustran o contrato asimesmo por incumprimento da obriga principal.

3º.- Dar trámite de audiencia ó contratista, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

4º.- Finalizado o expediente de resolución, iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

5º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra o acordo de iniciación da resolución contractual e os acordos que de esta se derivan , con carácter de trámite, non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule cantas alegacións estime precisas no tramite conferido ó efecto.

Notificar asimesmo, que contra os acordo recollidos no punto 1 deste acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición potestativa do recurso de reposición, sen prexuízo de que se así o estima oportuno poida proceder á directa impugnación dos mesmos ante a xurisdición contenciosa nos Xulgados de Lugo.

6º.- Dar traslado ó Servizo de Arquitectura, o Servizo de Contratación e Fomento e a Intervención Provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	27/103	

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar na execución de varias actuacións no Concello de Vilalba, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Vilalba (EXP. 2025/PES_03/015391) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación para levar a cabo a execución das seguintes actuacións

1. Suministro de xogo de dúas canastras a instalar en pavillón CEIP Mato Vizoso, con certificación polo I.B.V. conforme á Norma Europea UNE en 1270 2006
2. Subministro de plataforma aérea telescópica con camión portador para a súa adscrición ao servizo eléctrico do Concello de Vilalba
3. Remodelación e mellora de equipamento urbano no Parque Infantil sito no Parque Rosalía de Castro
4. Renovación de firme do vial de acceso ó barrio de As Fontiñas
5. Mellora de pavimento na rúa do Rego
6. Construcción de Parque Infantil en Campo da Feira

por importe total de 262.977,50 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	28/103





Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	29/103



Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	30/103





públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	31/103



2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico- financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda.- O Municipio de Vilalba, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecúase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025 coas adaptacións necesarias dada a natureza do obxecto do convenio que recolle varias actuacións.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP.

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 262.977,50 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	32/103





Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público“.

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar na execución de varias actuacións no Concello de Vilalba, ano 2025 por importe total de 262.977,50 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar na execución de varias actuacións no Concello de Vilalba, ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, con N.I.F P2706500B e sede social na praza da Constitución, 1 CP 27800, Vilalba, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	33/103



Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	34/103





na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	35/103



sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL son competencias propias da Deputación: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	36/103





A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público-público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	37/103



Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscripción de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTAL
1. Suministro de xogo de dúas canastras a instalar en pavillón ceip mato vizoso, con certificación polo i.b.v. conforme á norma europea UNE en 1270 2006	18.029,00 €
2. Subministro de plataforma aérea telescópica con camión portador para a súa adscrición ao servizo eléctrico do Concello de Vilalba	77.855,99 €
3. Remodelación e mellora de equipamento urbano no parque infantil sito no Parque Rosalía de Castro	39.970,18 €
4. Renovación de firme do vial de acceso ó barrio de as fontañas	30.854,99 €
5. Mellora de pavimento na rúa do rego	47.882,70 €
6. Construcción de parque infantil en campo da feira	48.384,64 €
CUSTO TOTAL	262.977,50 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
262.977,50 €	0,00 €

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Vilalba.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	38/103





Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese mellorar os equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución de tódalas actuacións, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Vilalba.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Vilalba, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.

2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.

4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

5.O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.

6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.

9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	39/103



10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 262.977,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Vilalba financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade municipal.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Vilalba se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que as actuacións foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	40/103





e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	41/103



Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	42/103	



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	43/103



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	44/103





“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 262.977,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	45/103	

“Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Pedrafita do Cebreiro (EXP. 2025/PES_03/015526) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación para levar a cabo a execución das seguintes actuacións:

1. Afirmado da rúa Observatorio e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)
2. Mellora da accesibilidade e reparación de aparcadoiros na travesía da Constitución e Praza de España e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)
3. Mellora da seguridade viaria na rúa Vía Romana e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)
4. Renovación de pavimento da rúa de acceso ao mercado gandeiro e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)
5. Subministro de letras identificativas do concello para ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro
6. Subministro de máquina telescópica

por importe total de 249.000,00 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	46/103	



Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	47/103



Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	48/103





públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	49/103	

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei.”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico- financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda.- O Municipio de Pedrafita do Cebreiro, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecúase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025 coas adaptacións necesarias dada a natureza do obxecto do convenio que recolle varias actuacións.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 249.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	50/103





Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025 por importe total de 249.000,000 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con N.I.F P2704500D e sede social na praza de España, 2 CP 27670, Pedrafita do Cebreiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	51/103	

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	52/103





público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	53/103	

e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL como competencias propias da Deputación: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas,

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	54/103





rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	55/103	

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscripción de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTAL
1. Afirmado da rúa Observatorio e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	44.921,12 €
2. Mellora da accesibilidade e reparación de aparcadoiros na travesía da Constitución e Praza de España e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	50.203,32 €
3. Mellora da seguridade viaria na rúa Vía Romana e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	49.656,01 €
4. Renovación de pavimento da rúa de acceso ao mercado gandeiro e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	18.966,74 €
5. Subministro de letras identificativas do concello para ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro	18.089,50 €
6. Subministro de máquina telescópica	67.163,31 €
CUSTO TOTAL	249.000,00 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	56/103





ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
249.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 249.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese mellorar as infraestruturas de titularidade municipal e a prestación dos servizos.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución no total das actuacións, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse, no suposto de obras, para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	57/103



Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.

Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras).

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 249.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Pedrafita do Cebreiro financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

1. Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade municipal.

2. Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Pedrafita do Cebreiro se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas. No suposto de optar por contas xustificativas por cada unha das actuacións as achegas das partes regularizarase coa derradeira conta xustificativa.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	58/103





c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	59/103



O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	60/103	



Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	61/103	

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	62/103





1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 249.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	63/103



3º.- *Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes, ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (Expte.: 2025/PES_03/015734) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 22 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes ano 2024 por importe total de 199.733,85 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 111.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no concello de Cervantes, ano 2024 formalizouse o 5 de decembro de 2024.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Cervantes remitiu escrito, en data 19 de agosto de 2025, no que literalmente se establece o seguinte:

“Dentro das actuacións enmarcadas no convenio de colaboración figura a obra denominada “Mellora e acondicionamento de camiños en Vilasante”, para a execución da cal é necesaria, entre outras, autorización da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Esta entidade tramitou a solicitude da autorización sectorial citada o pasado 18/11/2024 (rexistro de saída nº 2024-S-RC-518), asignándolle o expediente nº A/27/24534.

No momento de sinatura deste documento, esta entidade inda non recibiu resposta á solicitude de autorización por parte da Confederación Hidrográfica do Cantábrico,

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	64/103





motivo polo cal non resultou posible iniciar o procedemento de licitación e posterior execución das obras citadas.

Logo de ver que, tal e como recolle a cláusula Oitava do Convenio, a modificación do mesmo poderá levarse a cabo por mutuo acordo entre as partes, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tendo en conta os prazos legalmente establecidos e imprescindibles para a tramitación do expediente, ademais do prazo de execución previsto no proxecto técnico no que se definen as obras, prevese a imposibilidade material de executar e xustificar os investimentos no prazo establecido polo Convenio, polo que, por medio da presente,

Solicito.

Unha ampliación de catro meses adicionais ao prazo establecido para a execución e xustificación das actuacións recollidas no Convenio de colaboración.”

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

4.2. O Concello de Cervantes:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Cervantes, comprométese ao seguinte:

“(…)

5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.

“(…)”

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“(…)”

C) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Cervantes se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

“(…)”

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	65/103	

Cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

(...)”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto.

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

Que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

e que a conta xustificativa debe estar aprobada o 31 de decembro de 2025.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	66/103





Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes, ano 2024 formalizouse o 5 de decembro de 2024 para incorporar a ampliación do prazo de execución do convenio e o prazo de xustificación dos gastos enmarcados dentro do mesmo ata o 30 de novembro de 2025”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes, ano 2024 formalizado o 5 de decembro de 2024 cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso.

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, don Benigno Gómen Tadrín, Alcalde do Concello de Cervantes con NIF P2701200D e sede social en rúa da Deputación s/n, 27664, San Román, Cervantes, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	67/103



Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 22 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no Concello de Cervantes ano 2024 por importe total de 199.733,85 € cuxo contido é o seguinte: (...) Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 111.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “adquisición de quentadores infravermellos e mellora de varias infraestruturas” no concello de Cervantes, ano 2024 formalizouse o 5 de decembro de 2024.

Terceiro.-O Alcalde do Concello de Cervantes remitiu escrito, en data 19 de agosto de 2025, no que literalmente se establece o seguinte:

“Dentro das actuacións enmarcadas no convenio de colaboración figura a obra denominada “Mellora e acondicionamento de camiños en Vilasante”, para a execución da cal é necesaria, entre outras, autorización da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Esta entidade tramitou a solicitude da autorización sectorial citada o pasado 18/11/2024 (registro de saída nº 2024-S-RC-518), asignándolle o expediente nº A/27/24534.

No momento de sinatura deste documento, esta entidade inda non recibiu resposta á solicitude de autorización por parte da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, motivo polo cal non resultou posible iniciar o procedemento de licitación e posterior execución das obras citadas.

Logo de ver que, tal e como recolle a cláusula Oitava do Convenio, a modificación do mesmo poderá levarse a cabo por mutuo acordo entre as partes, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tendo en conta os prazos legalmente establecidos e imprescindibles para a tramitación do expediente, ademais do prazo de execución previsto no proxecto técnico no que se definen as obras, prevese a imposibilidade material de executar e

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	68/103





xustificar os investimentos no prazo establecido polo Convenio, polo que, por medio da presente,

Solicito

Unha ampliación de catro meses adicionais ao prazo establecido para a execución e xustificación das actuacións recollidas no Convenio de colaboración.”

Cuarto.- Tendo en conta que a conta xustificativa debe estar aprobada o 31 de decembro de 2025 soamente se pode prorrogar un mes o prazo de execución do convenio e 15 días o prazo de xustificación dos gastos enmarcados dentro do mesmo.

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas cuarta e quinta do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Cervantes:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Cervantes, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	69/103	

5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de novembro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

"A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 111.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Cervantes aportará 88.733,85 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Cervantes

C) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Cervantes se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	70/103	



d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	71/103



Segunda.- As restantes cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 5 de decembro de 2024 esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social ría de Abres”, anualidade de 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (Expte.: 2025/PES_03/016137) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024, acordou aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, por importe total de 196.253,60 € e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 190.000,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio con cargo ao Orzamento Xeral de 2024 na aplicación orzamentaria 9420.76200.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 30 de xullo de 2024.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada achegou, en data 1 de setembro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	72/103





“Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria coa fin de poder acadar o fin conxunto do convenio, dado que o Concello, por si so, non pode facer fronte ao pago das certificacións parciais que se están chegando”.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que:

O convenio estea vixente,

Prevese a modificación do mesmo,

Non se prexudican dereitos de terceiros.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	73/103	

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres” formalizado o 30 de xullo de 2024 para incorporar a posibilidade de admitir contas xustificativas contra certificacións.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizado o 30 de xullo de 2024 cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso.

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social na ría de Abres”, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Rubén García Freije, Alcalde do Concello de Trabada, con N.I.F P-2706100A, e sede en Rúa do Concello, 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante o Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, P. S., dona Montserrat Conde López, Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024, acordou aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, por importe total de 196.253,60 € e o gasto, en concepto de achega

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	74/103





económica, por parte da Deputación, por importe de 190.000,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio con cargo ao Orzamento Xeral de 2024 na aplicación orzamentaria 9420.76200.

Segunda.- O convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 30 de xullo de 2024.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada achegou, en data 1 de setembro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria coa fin de poder acadar o fin conxunto do convenio, dado que o Concello, por si so, non pode facer fronte ao pago das certificacións parciais que se están chegando”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula quinta do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

“Cláusula Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 190.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Trabada efectuará unha achega de 6.253,60 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	75/103	

O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Trabada

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

Admitiranse contas xustificativas parciais segundo o estado de execución da obra (contra certificacións)

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	76/103





3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda.- As restantes cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 30 de xullo de 2024 esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	77/103	

En relación ao asunto de referencia (Expte.: 2025/PES_03/016251) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 13 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024 por importe total de 106.930,576 € cuxo contido é o seguinte: (...).

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 101.500,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024, formalizouse o 26 de decembro de 2024.

Terceiro.- A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro remitiu escrito, en data 1 de setembro de 2025, no que literalmente se establece o seguinte:

“Entre as actuacións obxecto do convenio a referida a “instalación de fontanería nos vestiarios do campo de fútbol do cembado” atopase adxudicada a unha empresa que debido a diferentes causas aínda non iniciou as referidas obras e non poderá dar comezo ata finais de setembro; en previsión que non se de cumprido o prazo de execución das actuacións do convenio 31 de outubro de 2025.

Solicito,

a ampliación do prazo de execución do convenio ata o 15 de novembro de 2025”.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“(...

4.2. O Concello de Viveiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	78/103	



(...)

5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025. (...)”.

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

(...)”.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	79/103	

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo

Media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común)

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, anualidade 2024 para incorporar a ampliación do prazo de execución ata o 15 de novembro de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024, formalizado o 26 de decembro de 2024 cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso.

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona María Carmen Gueimunde González, Alcaldesa- Presidenta do Concello de Viveiro, con NIF P2706700H e sede social na Praza Maior, 1, C.P. 27850 Viveiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	80/103





Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 13 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024 por importe total de 106.930,576 € cuxo contido é o seguinte: (...).

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 101.500,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Promoción do deporte, turismo e mellora dos servizos públicos” no Concello de Viveiro, na anualidade 2024, formalizouse o 26 de decembro de 2024.

Terceiro.- A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro remitiu escrito, en data 1 de setembro de 2025, no que literalmente se establece o seguinte:

“Entre as actuacións obxecto do convenio a referida a “instalación de fontanería nos vestiarios do campo de fútbol do cembado” atopase adxudicada a unha empresa que debido a diferentes causas aínda non iniciou as referidas obras e non poderá dar comezo ata finais de setembro; en previsión que non se de cumprido o prazo de execución das actuacións do convenio 31 de outubro de 2025.

Solicito,

a ampliación do prazo de execución do convenio ata o 15 de novembro de 2025”.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	81/103	

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

Non obstante as baixas das obras poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Viveiro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente (no suposto das obras)
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente (no suposto das obras)
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 15 de novembro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	82/103	



9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Segunda.- As restantes cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 26 de decembro de 2024 esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6º.- Aprobación, se procede, da modificación do convenio de encargo ao medio propio personificado TRAGSA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa modificación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, con base en informe da dirección técnica de data 23 de xullo de 2025, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe, o 26 de agosto do mesmo ano, do seguinte teor:

“Antecedentes de feito.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	83/103	

Primeiro.- A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, aprobar o encargo, ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural.

Así mesmo, a Presidencia resolveu nomear, por Decreto do 3 de xaneiro de 2025, a D. Jaime Caldeiro Pérez, enxeñeiro técnico agrícola da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, director técnico das actuacións que constitúen o obxecto do dito encargo.

Segundo.- Realizadas as operacións de comprobación do reformulo e unha vez obtidas as correspondentes autorizacións administrativas, iniciouse a realización dos traballos, constatándose, pola dirección técnica, a necesidade de engadir obras ás inicialmente encargadas, expedíndose o correspondente informe o 23 de xullo de 2025, que consta no expediente.

Terceiro.- Faise necesario, polo tanto, tramitar o correspondente expediente de modificación do encargo de referencia.

A estes antecedentes sonlles de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito.

I. Normativa aplicable.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspasan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico la Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e da súa filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC).

Encargo, por parte da Deputación Provincial de Lugo, á empresa TRAGSA, para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural, formalizado o 3 de xaneiro de 2025 (no sucesivo, o encargo).

Base 36ª de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo do exercicio 2023 (por remisión da Base 36ª de execución do Orzamento Xeral vixente).

II. O réxime xurídico dos encargos aos medios propios personificados e das súas modificacións.

O réxime xurídico dos encargos aos medios propios personificados está previsto, no que á Deputación Provincial de Lugo (e ao resto dos entes que a propia LCSP considera poderes adxudicadores) respecta, no artigo 32 da LCSP, onde se establecen os requisitos que se esixen para recorrer a esta figura.

Porén, este réxime xurídico esgótase co establecemento dos ditos requisitos, sen ter en conta a multiplicidade de situacións que se poden presentar na execución dos encargos a medios propios personificados, como pode ser, no caso que nos ocupa, a necesidade da súa modificación.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	84/103





Non é doado, polo tanto, identificar se as ditas modificacións deben quedar suxeitas ás previsións da normativa contractual.

Neste senso, aínda que a LCSP delimita o seu ámbito de aplicación material dun xeito moi amplo (englobando todos os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza, que celebren as entidades do sector público con unha persoa xurídica diferenciada – art. 2.1-), segue prevendo, tamén, unha serie de negocios xurídicos, de carácter e contido moi diverso, que quedan fora do seu ámbito de aplicación.

Un destes supostos son as chamadas relacións de cooperación vertical, que permiten ás diferentes entidades do sector público (sempre que cumpran estritamente os requisitos antes citados do seu artigo 32) poder encargar de forma directa - é dicir, á marxe dos procedementos de adxudicación previstos pola Lei-, a realización de determinadas prestacións contractuais aos seus propios medios instrumentais personificados [art. 31.1.a) da LCSP].

Polo tanto, o cumprimento acumulativo dos ditos requisitos (como así ocorreu co encargo cuxa modificación aquí se informa) farán que o encargo efectuado – tal e como prevé o artigo 32.1 da LCSP- non teña a consideración de contrato e, en consecuencia, o seu réxime xurídico quedaría fora do ámbito de aplicación da dita Lei. Ito non quiere dicir que, dende un punto de vista formal, a dita operación, en canto supón un acordo de carácter oneroso entre dúas persoas xurídicas diferenciadas, non poida configurarse teoricamente como un contrato (incluso como un contrato público, no senso do artigo 2.1 da LCSP). Pero outra cousa é que, cando se cumpran os requisitos mencionados anteriormente, este negocio xurídico poida quedar legalmente excluído do ámbito de aplicación da lexislación contractual, pois enténdese que, materialmente, non é máis que unha forma de auto-provisión, unha relación meramente organizativa, de carácter interno (art. 31.1 LCSP), que non afecta aos obxectivos perseguidos por aquela.

Partindo desta premisa, cómpre acudir, á hora de valorar o axeitado da modificación do encargo que aquí se informa, á memoria técnica que o rexe, en cuxo epígrafe 5 se regula esta cuestión.

Así, no dito epígrafe, establécese que “o presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA para o cumprimento dos compromisos que esta adquirira para a súa correcta execución tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.”

Tal e como quedou exposto no antecedente segundo deste informe, realizadas as operacións de comprobación do reformulo e unha vez obtidas as correspondentes

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	85/103



autorizacións administrativas, iniciouse a realización dos traballos que constitúen o obxecto do encargo, constatándose, pola dirección técnica e para unha mellor realización das actuacións, a necesidade de engadir obras ás inicialmente encargadas. Con esta finalidade, a dirección técnica emitiu informe, do que se deu traslado ao medio propio personificado, elaborando, dende este, un orzamento de modificación do encargo, que se utilizou como base para a redacción da nova memoria técnica, que consta no expediente. Deste xeito, as modificacións mencionadas quedan documentadas, o que, trala aprobación da modificación polo órgano competente, dará lugar a que se cumpran os requisitos establecidos, no dito epígrafe 5 do encargo, para a súa modificación.

Por outra banda, a Base 36.1.3.12.2 de execución do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2023 (aplicable por remisión da Base 36ª do Orzamento Xeral vixente) esixe, para a modificación dos encargos, entre outros, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Cando non exista informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e non resulte procedente por razón da contía, incorporárase ao expediente pronunciamiento expreso de que as obras obxecto do proxecto non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.
- b) Incorporáranse ao expediente os documentos técnicos nos que se definan as actuacións a realizar, así como o seu correspondente orzamento, elaborado de acordo coas tarifas aprobadas pola entidade pública da que dependa o medio propio personificado.
- c) As prestacións obxecto da modificación do encargo deben estar incluídas no ámbito de actuación ou obxecto social da entidade destinataria do mesmo.
- d) O importe das prestacións parciais que o medio propio vaia contratar con terceiros, no seu caso, conforme á proposta de modificación, non poderá exceder do 50% da contía do encargo inicial e as súas modificacións, coas excepcións previstas no artigo 32.7 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do expediente, conséntase o cumprimento dos ditos requisitos.

Finalmente, sen prexuízo do anteriormente exposto, en relación coa exclusión da aplicación da lexislación contractual aos encargos, é criterio seguido nesta entidade o de ter en conta o establecido na Base 36.1.3.4.4 das de execución do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2023 (aplicable, así mesmo, pola citada remisión da Base 36ª do Orzamento Xeral vixente), que establece, para a modificación de obras, en xeral, o cumprimento, entre outros, dos seguintes requisitos:

- a) No caso de modificacións non previstas nos pregos ou que non se axusten ao establecido no artigo 2024 da LCSP, incorporárase ao expediente informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 2025 LCSP e que non superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.
- b) Que existe acta de reformulo previo.

Á vista do expediente, conséntase o cumprimento dos ditos requisitos.

Con base no exposto, informo favorablemente a modificación do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	86/103





servizos públicos no rural; nos termos do informe da dirección técnica, do novo orzamento e da nova memoria técnica que constan no expediente.”

No expediente constan, ademais:

Memoria técnica que rexerá o encargo e que inclúe as modificacións suxeridas pola dirección técnica das obras.

Documentos, emitidos polos técnicos municipais competentes, que expresan que a execución das actuacións proxectadas non afectan á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Actas de reformulo previo, emitidas polos técnicos municipais competentes.

Orzamento final do encargo e documento de xustificación de prezos, emitidos polo representante do Grupo TRAGSA en Lugo.

Certificado, emitido por TRAGSA, relativo á suficiencia de estrutura e medios suficientes para realizar o encargo, e a que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 35 % da contía daquel.

Certificación, emitida pola Sección I de Orzamentos, do Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por importe de 112.406,13 €, na aplicación orzamentaria 4190.65009, adicionais aos 254.376,26 € consignados anteriormente á formalización inicial do encargo.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da modificación do encargo a medio propio.

Informe de fiscalización do expediente, emitido polo Servizo de Fiscalización e cuxo resultado é de conformidade.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto da addenda ao encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural; para modificar o alcance dos traballos que constitúen o seu obxecto, nos termos do informe da dirección técnica, do orzamento e da memoria técnica que constan no expediente, co seguinte teor:

“Addenda de modificación do encargo á empresa TRAGSA, para a realización de “Actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no Municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	87/103	

D. José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

Expón.

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, aprobar o encargo, ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), para a realización de “Actuacións de mellora da rede de abastecemento de auga no municipio de Barreiros”, ao obxecto de mellorar os servizos públicos no rural; que se formalizou en documento de data 3 de xaneiro de 2025.

Segundo.- De conformidade co epígrafe 5 da memoria técnica que serviu de base para a formalización do encargo, “o presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA para o cumprimento dos compromisos que esta adquirira para a súa correcta execución tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.”

Terceiro.- Realizadas as operacións de comprobación do reformulo e unha vez obtidas as correspondentes autorizacións administrativas, iniciouse a realización dos traballos, constatándose, pola dirección técnica, a necesidade de engadir obras ás inicialmente encargadas, expedíndose o correspondente informe o 23 de xullo de 2025, e plasmándose as observacións nel contidas no novo orzamento do encargo e na nova memoria técnica que lle serve de base.

Polo exposto, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo

Acorda.

Primeiro.- Modificar o alcance dos traballos que constitúen o obxecto do encargo, nos termos do informe da dirección técnica, do orzamento e da memoria técnica que acompañan a esta comunicación.

Segundo.- Ampliar o límite de gasto do encargo en 112.406,13 €, adicionais aos 254.376,26 € previstos no epígrafe 2 da memoria técnica que serviu de base para a formalización do encargo.

Terceiro.- Manter inalterados e en vigor os demais termos do encargo orixinal, formalizado o 3 de xaneiro de 2025.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	88/103





O que se comunica a TRAGSA para o seu coñecemento e efectos, tendo esta comunicación o carácter de orde de execución da presente modificación do encargo a medio propio personificado...”

2º.- Ampliar o límite de gasto do encargo en 112.406,13 €, adicionais aos 254.376,26 € previstos no epígrafe 2 da memoria técnica que serviu de base para a formalización do encargo, segundo se detalla:

Actuacións	CUSTO INICIAL	AMPLIACIÓN DO CUSTO	CUSTO FINAL
Obras de mellora en infraestruturas básicas da rede de abastecemento: depósitos da Folgueirosa e Merille (segundo proxecto técnico)	83.603,65 €	34.758,79 €	118.362,44 €
Obras de mellora da rede secundaria de abastecemento: substitución de tramos obsoletos de tubaxe e chaves (segundo proxecto técnico)	147.173,54 €	77.647,34 €	224.820,88 €
Redacción de proxecto para a instalación de tubaxe directo para conexión do depósito de cabeceira co depósito da Folgueirosa (segundo memoria valorada)	23.599,07 €	0,00 €	23.599,07 €
CUSTO TOTAL	254.376,26 €	112.406,13 €	366.782,39 €

3º.- Manter inalterados e en vigor os demais termos do encargo orixinal, formalizado o 3 de xaneiro de 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.

1º.- *Proposta da validación do gasto do Servizo de Vías e Obras, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido, pola prestación do servizo de control de calidade en obras correspondente ao mes de abril de 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	89/103



“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Vías e Obras acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	R25-5	12-05-2025	1.973,53€	Servizo de control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras GTM: 2025/FAC_01/002730	SERVIZO	ABRIL 2025	4500.22706 92025/8925

Total: 1.973,53 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Vías e Obras manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a Resolución da Presidencia de data 26 de agosto de 2025 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 1.973,53 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 1.973,53 €:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	R25-5	12-05-2025	1.973,53€	Servizo de control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras GTM: 2025/FAC_01/002730	SERVIZO	ABRIL 2025	4500.22706 92025/8925

Total: 1.973,53 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	90/103





2º.- *Proposta da validación do gasto do Servizo de Vías e Obras, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido, pola prestación do servizo de control de calidade en obras correspondente ao mes de maio de 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Vías e Obras acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	2025-788	11-06-2025	2.620,40 €	Servizo de control de calidade en obras executadas en estradas provinciais dirixidas desde o Servizo de Vías e Obras GTM: 2025/FAC_01/002181	SERVIZO	MAIO 2025	4500.22706 92025/8636

Total: 2.620,40 €.

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Vías e Obras manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a Resolución da Presidencia de data 20 de agosto de 2025 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 2.620,40 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	91/103



Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 2.620,40 €:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	2025-788	11-06-2025	2.620,40 €	Servizo de control de calidade en obras executadas en estradas provinciais dirixidas desde o Servizo de Vías e Obras GTM: 2025/FAC.01/002181	SERVIZO	MAIO 2025	4500.22706 92025/8636

Total: 2.620,40 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta da validación do gasto do Servizo de Vías e Obras, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido, pola prestación do servizo de control de calidade en obras correspondente ao mes de xuño de 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Vías e Obras acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	2025-940	18-07-2025	10.192,25 €	Servizo de control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras GTM: 2025/FAC.01/002741	SERVIZO	XUÑO 2025	4500.22706 92025/8926

Total: 10.192,25 €.

Vista memoria xustificativa emitidas polo Servizo de Vías e Obras manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista a Resolución da Presidencia de data 26 de agosto de 2025 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 10.192,25 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento,

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	92/103





aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 10.192,25 €:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURÍDICA	DATA REALIZACIÓN	Concepto orzamentario/ADO provisional
INVECO, S.L.	2025-940	18-07-2025	10.192,25 €	Servizo de control de calidade das obras que se están executando desde o Servizo de Vías e Obras CTM: 2025/FAC_01/002741	SERVIZO	XUÑO 2025	4500.22706 92025/8926

Total: 10.192,25 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/017, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	93/103	

proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/017, correspondente á Asociación Sta. Mariña de Sequeiros as obras de “Depósito de Auga Comunitario”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A Asociación Sta. Mariña de Sequeiros, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Sta. Mariña de Sequeiros (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/017, destinada ás obras de “Depósito de Auga Comunitario” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/033, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/033, correspondente ao MVMC de Furís as obras de “Mellora de accesos

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	94/103





comunais ao MVMC de Furís”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Furís, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Furís (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/033, destinada ás obras de “Mellora de accesos comunais ao MVMC de Furís” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/062, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	95/103	

2024", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/062, correspondente á Comunidade de Usuarios "Fronton Outeiro y Lendorrio" as obras de "Renovación rede de distribución auga (Tramos 1 e 2 - 1ª Fase)", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 21 de marzo de 2025 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 3.000,00 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- A Comunidade de Usuarios "Fronton Outeiro y Lendorrio", presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de Usuarios "Fronton Outeiro y Lendorrio" (Pantón), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/062, destinada ás obras de "Renovación rede de distribución auga (Tramos 1 e 2 - 1ª Fase)" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento de 3.000,00 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/069, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	96/103	



“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/069, correspondente á Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón as obras de “Solera en parcela de local social”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.684,00 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 27 de xuño de 2025 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.842,00 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- A Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Cicillón (Taboada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/069, destinada ás obras de “Solera en parcela de local social” por un importe de 5.684,00 €, así como o aboamento de 2.842,00 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	97/103



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/110, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/110, correspondente á Asociación vecinal San Silvestre as obras de “Acondicionamento e mellora Local Social”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A Asociación vecinal San Silvestre, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Vecinal San Silvestre (Taboada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/110, destinada ás obras de “Acondicionamento e mellora Local Social” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	98/103





14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBDOT-2024/151 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de acordo de concesión provisional das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/151, correspondente á Agrupación camiño do Mazo ao Golado as obras de “Mellora firme, infraestrutura e seguridade vial de camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- don Miguel Cordero Souto con nº NIF ***3228**, en representación da Agrupación camiño do Mazo ao Golado (Becerreá), presenta escrito con data de rexistro de entrada 31 de xullo de 2025, solicitando a renuncia á subvención SUBDOT-2024/151.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder á petición formulada por don Miguel Cordero Souto (Becerreá) con nº NIF ***3228**, en representación da Agrupación camiño do Mazo ao Golado, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 27 de decembro de 2024, tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/151, para a Dotación e mellora de servizos comunitarios, por importe de 6.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	99/103	

15.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegado da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don José Rodríguez Pérez, nado o 22 de outubro de 1960, Funcionario Provincial, titular da praza “Adxunto/a Encargado/a Réxime Interior e Custodia” e do posto “Coordinador/a Xefe/a II Portería e Reprografía”, presentou escrito de data 26 de xuño de 2025, conformado polo Presidente desta Entidade, Don José Tomé Roca, no que solicita a prórroga da súa permanencia no servizo activo por un ano.

Así mesmo solicita que, en base ao exposto no seu escrito, sexa aprobada a mencionada prórroga.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	100/103





b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declarárase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexeráse, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4. lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A	Página	101/103



solicitud de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, está vacante o posto de “Xefe/a Unidade I Vixilancia, Portería e Infografía”, polo que para o adecuado funcionamento da citada Unidade e para facilitar unha transición ordenada e eficiente, sería necesaria a prolongación de permanencia no servizo activo do funcionario provincial, don José Rodríguez Pérez.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2023 a 30 de novembro do 2024) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos e que se acredita a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Conceder e aprobar á pretensión do funcionario, Don José Rodríguez Pérez, de prolongar a súa permanencia no servizo activo, por (1) ano máis, isto é, dende o 23 de outubro de 2025 ata o 22 de outubro de 2026.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6DZ64A		Página	102/103	



E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7T2CH5FMP73L43QH5X6D264A	Fecha y Hora	10/09/2025 13:08:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7T2CH5FMP73L43QH5X6D264A		Página 103/103	